



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 12 DE SETEMBRO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as dez horas do día doce de setembro de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, D.^a María Dolores Pan Lesta.

Asiste á sesión a interventora interina, D.^a Laura García Santiago, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 12 de setembro de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_2025091208000310000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PRONUNCIAMENTO DO PLENO RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 95.2 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 00:00:36 horas

Vista a xustificación da urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día, de acordo co sinalado na Resolución da Alcaldía núm. 828/2025, de data 10 de setembro, de convocatoria desta sesión.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da sesión e do asunto incluído na orde do día, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia da sesión e do asunto incluído na orde do día.

2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2b/2025

Acceso á videoacta – 00:01:15 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 10 de setembro de 2025 (CVD: 5ij584xNkITUF18iOuPA), que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a Circular remitida pola Excma. Deputación Provincial da Coruña o día 2 de xuño de 2025, para a 2ª Fase do POS + Adicional 2/2025.

Visto o proxecto “Acondicionamento de local municipal con destino a arquivo municipal”, elaborado pola arquitecta Olga Pérez Samartín (nº colexiada 5296 COAG).

Vistos os informes emitidos polo arquitecto municipal de data 3 de setembro de 2025 (CVD: AT4t7fBvY+14DyKxavOv e CVD: mk4ueaLxHERrYGjTjsNv).

Visto o informe-Anexo VIII emitido pola interventora interina, de data 8 de setembro de 2025 (CVD:



YkuL8+HG+Ndwn7iNktDv).

Visto o informe conforme ao proxecto emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 10 de setembro de 2025 (CVD: QK0vBJHE/Kv8maklaZBH), no que, entre outras cousas, expón:

"(...) E) CONCLUSIÓN

O proxecto foi redactado e firmado por un técnico competente e colegiado.

Según o indicado no proxecto, dada a antigüidade do edificio e que o estado real do forjado pode verse afectado por aspectos non detectables a simple vista, deberase de realizar por motivos de seguridade, a proba de carga estática in situ realizada por unha empresa especializada conforme á norma UNE 7457:1986 ou equivalente, para avaliar a capacidade portante efectiva do forjado actual. En función dos resultados obtidos, aplicaranse as solucións propostas no proxecto ou definiranse axustes ou reforzos complementarios, para cumprir cos requisitos de sobrecarga previstos ou superiores.

O proxecto presentado, si cumpre cos requisitos documentales e técnicos exigidos polo CTE, ordenanzas municipais e normativa aplicable.

O proxecto consta de varias unidades de obra, as cales parecen axustarse a precios actuais de mercado."

Visto o informe emitido polo técnico de xestión de administración xeral, Fernando Manuel Garrido Negreira, con data 10 de setembro de 2025 (CVD: 8dy3cn9+O73sDmkyBQKS), no que, entre outras cousas, se sinala:

"(...) Consonte a normativa indicada e aos informes técnicos presentes no expediente, conclúese que:

O proxecto municipal denominado "Acondicionamento de local municipal con destino a arquivo municipal" é viable dende o punto de vista da lexislación de aplicación e do planeamento municipal en vigor, se ben as obras están condicionadas á obtención da pertinente autorización da Comunidade de Propietarios da rúa Río Sil, 4 (A Barcala), así como á realización dunha proba de carga estática in situ por unha empresa especializada conforme á norma UNE 7457:1986 ou equivalente, para avaliar a capacidade portante efectiva do forjado actual, sen que poida polo tanto procederse á contratación das obras en tanto non se acredite no expediente a previa obtención da dita autorización e se realice a citada proba de carga con resultado favorable."

Visto o informe-anexo VI emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral interina, co conforme da secretaria municipal, de data 10 de setembro de 2025 (CVD: PMvF9yLmT+MUCdyYmVDb), no que, entre outras cousas, se sinala:

«(...) E no informe do Arquitecto Municipal do 3 de setembro de 2025 (CDV: mk4ueaLxHERyGjTjsNv), apartado "AUTORIZACIÓN", faise constar que "...A obra a executar atópase no baixo do edificio sito na rúa Río Sil, nº4 - A Barcala e no proxecto non consta autorización da comunidade de propietarios para a intervención nos elementos comúns do sótano onde está previsto un reforzo estrutural..." polo que, para o caso de aprobarse o proxecto, infórmase que é preciso contar previamente coa autorización da comunidade de propietarios polo que a execución do mesmo quedaría supeditada a referida autorización.

Comparte tamén esta Secretaría o sinalado polo Técnico de administración xeral, no informe de data 10 de setembro de 2025 (CVD: 8dy3cn9+O73sDmkyBQKS), verbo de que "... se ben as obras están condicionadas á obtención da pertinente autorización da Comunidade de Propietarios da rúa Río Sil, 4 (A Barcala), así como á realización dunha proba de carga estática in situ por unha empresa especializada conforme á norma UNE 7457:1986 ou equivalente, para avaliar a capacidade portante efectiva do forjado actual, sen que poida polo tanto procederse á contratación das obras en tanto non se acredite no expediente a previa obtención da dita autorización e se realice a citada proba de carga con resultado favorable..."

Quinto.- *Faise constar que dacordo cos datos que figuran no Inventario de Bens e Dereitos, do ben ao que se refire o presente informe atópanse cedidos 147,11 metros cadrados á Cruz Vermella e que na ficha adxunta figura como destino do ben "sen uso". De executarse a obra debería modificarse a ficha para incluír o uso como arquivo municipal. (...)*»

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:



1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2b/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base	0,00€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamentodosinvestimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL CON DESTINO A ARCHIVO MUNICIPAL	245.701,58€	87.760,55€	0,00€	87.760,55€	333.462,13€
TOTAL	245.701,58€	87.760,55€	0,00€	87.760,55€	333.462,13€

Aprobar o proxecto da obra que non estaba incluído no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relaciona nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Financiamentodosinvestimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem.augapotable)		
Gastos correntes do 2025 (distintos dos solicitados no POS+2025 Base)	0,00€				0,00€
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025)	245.701,58€	87.760,55€	0,00€	87.760,55€	333.462,13€
TOTAL	245.701,58€	87.760,55€	0,00€	87.760,55€	333.462,13€

2.- Declarar que o concello comprométese a ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.



3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2026.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 10 de setembro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Dez (10), dos Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 10 de setembro de 2025 (CVD: 5ij584xNkITUF18iOuPA).

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)
Pilar María Pastor Novo